



**CAMPIONATO DE GALICIA
DE MONTAÑA 2023**

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



**Federación Galega
de Automobilismo**



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**

REGULAMENTO PARTICULAR



**PROBA: IV SUBIDA A TABOADELA
PROVINCIA: OURENSE
DATA: 19 e 20 AGOSTO 2023**

1.- PROGRAMA.

Data	Horario	Programa	Lugar
14/07/2023	21:00	Apertura de Inscripcións	ESCUDERIA TABOADELA
14/08/2023	21:00	Peché de Inscripcións	EMAIL: escuderiataboadela@gmail.com www.escuderiataboadela.com www.fga.es
16/08/2023	20:00	Publicación lista de inscritos	
19/08/2023	09:30	Apertura Parque Pechado	Polideportivo Taboadela
	de 08:30 a 11:30	Verificacións Administrativas	Café-Bar Ruta 525
	de 09:00 a 12:00	Verificacións Técnicas	Polideportivo Taboadela
	13:00	Publicación lista de Autorizados a tomala saída	Taboleiros de avisos
	14:30	Presentación Pilotos Parque Pechado	Polideportivo Taboadela
	15:00	Presentación pilotos en parque pre-saída	OU-320 Taboadela
	15:30	1ª Manga de adestramentos	Estrada OU-320 Taboadela - Alto de Taboadela
	A continuación	1ª Carreira	
	A continuación	2ª Carreira	
20/08/2023	08:30	Presentación Pilotos Parque Pechado	Polideportivo Taboadela
	09:00	Presentación pilotos en parque pre-saída	OU-320 Taboadela
	09:30	2ª Manga de adestramentos	Estrada OU-320 Taboadela - Alto de Taboadela
	A continuación	3ª Carreira	
	A continuación	4ª carreira	
	A continuación	Parque pechado de 30 minutos e publicacion clasificación oficial	Taboadela
	A continuación	Ceremonia de podio	Praza Concello Taboadela
	A continuación	Verificacións de oficio (Optativas)	Taboadela
	A continuación	Rolda de prensa dos tres primeiros clasificados (6), carrozados e non carrozados (Recoméndase)	Taboadela

TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS.

Desde o día 19 de Agosto ás 10:00 horas, ata do día 20 de Agosto ás 16:00 horas estará situado na Oficina Permanente da Proba, estará emprazada en autobús FGA e no Parque Pechado sito en Polideportivo Taboadela.

2.- ORGANIZACIÓN.

Artigo 1.- Organización.

1.1.- Definición:

A ESCUDERIA TABOADELA organiza a IV SUBIDA A TABOADELA que se desenrolará desde o día 19 de Agosto ó día 20 de Agosto do ano 2023. Esta proba disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2023, o regulamento xeral, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 23 DE XUÑO DE 2023. A Proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA-028-MO.

1.2.- Comité de Organización:

Presidente:

D. Jorge Salgado Pérez

Vocais:

D. Brais Adao Cid

D. Lorena Salgado Pérez

D. Adrian Rúa Fernández

Secretario:

D. Antonio Álvarez Reina

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

ESCUDERIA TABOADELA

Espiñeiro nº30

C.P. 32691 Taboadel - Ourense

Teléfono: 659 865 288 – 677 239 236

1.3. Oficiais:

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. Jorge Salgado Pérez

CD-1299-GA-AUT

Comisarios Deportivos:

Presidente:

D. Diego Besada González

DC-0183-GA-AUT

D. José Ramón González Villar

DC-0461-GA-AUT

D. Diego Jesús Rodríguez da Silva

DC-0093-GA-AUT

Observador da F.G. de A.:

D. José M. Abollo Carral

OBS-1479-GA-AUT

Director da Carreira-Oficina/Autobús:

D. Héctor Montero Santeiro

DC-1662-GA-AUT.

Xefe de Cronometraxe:

D. Lorena Salgado Pérez

DC-1300-GA-AUT

Relación Participantes:

D. Begoña Díaz Iglesias

DC-1663-GA-AUT

Responsable Equipos Cronometraxe:

D. Antonio Álvarez Reina

JOB-EN TRAMITE-GA.

Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":

D. Jorge Salgado Pérez

CD-1299-GA-AUT

Vehículo "0" (DIRECTOR NA ESTRADA):

Verde

D. Brais Adao Cid

CD-EN TRAMITE-GA.

Vehículo "00" (ESCOBA):

Vermello

D. Hugo Amaro Fernández

DC-1664-GA-AUT

Nota: En cumprimento da nova normativa de expedición de licencias, o resto dos oficiais da proba comunicaranse en COMPLEMENTO, polo menos sete días antes da celebración da proba.

Servizo informático e publicación de tempos: A TODO MOTOR

Servizos Médicos: E.M.S. Galicia

Servizo de ambulancias: Ambulancias Bande

Centros Asistenciais: PAC Allariz, CHUO e os designados por concerto pola CIA aseguradora Allianz.

Servizo de Grúas: Celanova Motor

O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo "00" pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licenza CD, expedida pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura do meeting no eido dos participantes.

3.- MODALIDADES XERAIS.

Artigo 2.- Puntuabilidade.

A proba 4ª SUBIDA A TABOADELA é puntuable para os seguintes Campionatos, Copas e Trofeos:

- Campionato Non Carrozados (CLASE 7,8,9,10).
- Campionato de Carrozados (CLASE 1,2,3,4,5A,5B,5C,6).
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 1 (PF 15-39)
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 2 (PF 40-79)
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 3 (PF 80-119)
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 4 (PF 120-159)
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 5A (PF 160-199)
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 5B (PF 200-299)
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 5C (PF >299)
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 6 HISTORICOS
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 7 (CN. E2 SC, BARQUETA NACIONAL, E2SH, FORMULAS E BARQUETAS DE 2 A 3 L)
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 8 (CM)
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 9 (CARCROSS)
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 10 (FORMULAS E BARQUETAS CON MOTOR DE MOTO, BARQUETAS ATA 2L CON MOTOR DE COCHE)
- Copa de Galicia de Montaña para Escuderías (debidamente rexistradas e en posesión de licenza de concursante expedida pola F.G. de A.).
- Copa de Galicia de Montaña de Regularidade.

Artigo 3.- Vehículos admitidos.

Os vehículos segundo o seu grupo e cilindrada serán agrupados nas seguintes clases:

CLASE 1, PF 15-39

CLASE 2, PF 40-79

CLASE 3 PF 80-119

CLASE 4 PF 120-159

CLASE 5A PF 160-199

CLASE 5B PF 200-299

CLASE 5C PF >299

CLASE 6 HISTORICOS

CLASE 7 CN. E2 SC, BARQUETA NACIONAL, E2SH, FORMULAS E BARQUETAS DE 2 A 3 L

CLASE 8 CM

CLASE 9 CARCROS. Vehículos de propulsión traseira para vehículos carcros de ata 600 c.c., que estean en posesión do pasaporte administrativo expedido pola Federación Galega de Automobilismo, para a tempada 2023. Os números de competición terán que ir nas verticais dos pontóns.

CLASE 10 FORMULAS E BARQUETAS CON MOTOR DE MOTO, BARQUETAS ATA 2L CON MOTOR DE COCHE

Artigo 4.- Desenrolo da proba. Según regulamentación publicada no Regulamento Xeral do Campionato de Galicia de Montaña do Anuario 2023.

5.- PARQUES. Según regulamentación publicada no Regulamento Xeral do Campionato de Galicia de Montaña do Anuario 2023.

6.- MARCAXE DE PNEUMÁTICOS:

- 1.- En cada subida marcaranse dous xogos de pneumáticos, de seco, podendo só ser un novo a estreir e outro usado. Os equipos que o desexen, e o soliciten, marcaránselle os dous xogos de pneumáticos usados.
- 2.- O uso dos dous xogos de pneumáticos, de seco, pódense montar ao gusto do participante indistintamente nas seis mangas(sábado e domingo) xa ben sexa nos adestramentos ou mangas oficiais.
- 3.- De pinchar, rebentar, ou desllantar un pneumático só se poderá, previa revisión dos Comisarios Técnicos e autorización dos Comisarios Deportivos, substituír a lamia-pneumático danado, queda prohibida a monta do eixe (2 pneumáticos) en cuestión.
- 4.- Os pneumáticos de mollado (4 unidades) terán que ser marcados tamén, e rexerá así o mesmo co criterio do punto 3 deste artigo.
- 5.- O xogo de pneumáticos usados, de ter participado en probas do Campionato de Galicia de Montaña 2023, terá que ter as marcas dunha proba anterior.
- 6.- O xogo de pneumáticos usados, presentados para o seu marcaxe, serán aceptados, ou non, a exclusivo criterio dos comisarios técnicos para evitalas posibles picardías de tentar marcar pneumáticos novos lixados ou moldeados.

7.- REGULARIDADE SPORT: Según regulamentación publicada Regulamento Xeral do Campionato de Galicia de Montaña Regularidade Sport no Anuario 2023.

Regularidade Sport: Velocidade media de 80km/h. A saída será marcada o paso do vehículo pola célula a milésima de segundo. Ponse un punto de control o inicio e outro o final do treito. Tómake o tempo de paso polo control de saída e polo control de meta. A forma de penalizar será un punto por cada milésima de segundo. Poderanse montar controis secretos ó longo do treito (mínimo 1), no lugar que se decida antes do inicio da mesma (designado polo colexio de Comisarios Deportivos), mediante cronómetro. Dito controlador emitirá informe ó colexio de Comisarios Deportivos para a toma de decisións necesarias ó respecto según o regulamento. No caso por saída de pista dun participante, se paren participantes na pista, a estes poráselle o tempo da súa pasada anterior, se existise. De ser a primeira manga, descartaríase para tódolos participantes. De ter que anular a manga, a criterio do colexio de Comisarios Deportivos, tódolos participantes que non finalicen a mesma, ou non tomen a saída por esta decisión, o colexio de Comisarios Deportivos asignarlles o tempo da súa pasada anterior, agás o participante que cause a interrupción. De ter que anular a derradeira manga do día, e non saír ningún participante de regularidade, anularase a tódolos efectos sen puntuar a mesma. Todo aquel vehículo que teña unha saída de pista e obstaculice a mesma, será sancionado con 10 minutos ademais dos adquiridos por non pasar polos controis restantes. (A reiteración do mesma situación polo mesmo participante, conlevará a exclusión do meeting) a tódolos efectos. O gañador será o participante que menos penalización obteña, no computo total das seis ascensións (sábado e domingo). A orde de saída será a continuación do derradeiro participante da Agrupación "B" de Turismos/Carrozados de velocidade. Asistencias: Queda terminantemente prohibido facer asistencias no parque de presáida, e no parque de traballo, só pena de exclusión para tódolos vehículos de regularidade "A" e "B". Existe a salvedade de indicar na folla de inscrición, voluntariamente, o nome e número de licenza da súa asistencia. Neste caso o organizador autorizará a mesma a tódolos efectos. A forma de penalizar será un punto por cada milésima de segundo. Non pasar un control 10 minutos de penalización. Facer o percorrido 10 segundos máis rápido do tempo estimado será exclusión da proba. Non saír nunha manga 10 minutos de penalización.

Advertencia: Calquera irregularidade, temeridade, ou incumprimento deliberado-intencionado no bo desenrolo da proba conlevará a exclusión do evento deportivo, con traslado ó Tribunal Galego de Apelación para apertura de expediente sancionador.

Despois de celebrada cada manga se publicarán os tempos.

Das seis mangas, poderáse descontar unha aínda que se ten que tomar a saída en todas.

Entre saída e meta está prohibido parar, a criterio dos Comisarios Deportivos.

Artigo 8.- Percorrido. A proba celebrarase na estrada de:

- OU-320 desde Taboadela ata o alto de Taboadela. 3,7 km
- Saída: OU-320 no km 17,720. 381 m. de altitude.
- Latitude:42°14'38.0"N Lonxitude:7°49'38.7"W
- Chegada: OU-320 no km 14,020. 582 m. de altitude.
- Latitude:42°13'13.9"N Lonxitude:7°49'41.7"W



Os recoñecementos do percorrido feitos á marxe das mangas oficiais, serán de exclusiva responsabilidade dos ocupantes do vehículo, sen que se poda vincula-la súa actuación, baixo ningún concepto, coa organización da proba. Queda estritamente prohibido realizar marcas sobre sinais de tráfico, fitos, pavimentos, edificacións ou marxes da estrada por parte dos concursantes, participantes e outras persoas relacionadas con eles, no curso dos recoñecementos previos.

Artigo 9.- Sinalizacións. Durante o transcurso da proba deberanse ater rigorosamente as indicacións dos oficiais sinaladores, efectuadas coas bandeiras co significado que a continuación se detalla:

Bandeira roxa: Parada inmediata e absoluta.

Bandeira Galega: Sinal de saída.

Bandeira Amarela (Inmóvil): Perigo en xeral, minora-la marcha, prohibido adiantar.

Bandeira Amarela (Axitada): Perigo inmediato, minora-la marcha, prohibido adiantar.

Bandeira Amarela (Dúas axitadas): Obstrución moi grave ou total da pista. Prohibido adiantar.

Bandeira Amarela con franxas roxas verticais: Superficie deslízante por aceite, auga, gravilla, etc.

Bandeira Branca: Presenza en pista dun vehículo lento ou un vehículo de servizo "S", ambulancia, etc.

Bandeira Azul: Un concursante intenta adiantar.

Bandeira Negra con cadros brancos: chegada da Carreira.

Artigo 10.- Concurantes admitidos. Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2023 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 11.- Solicitud de inscrición-inscricións.

1.- Toda persoa que desexe participar na Proba: **4ª SUBIDA A TABOADELA** deberá remiti-la solicitud de inscrición, debidamente cumprimentada á secretaría da Proba: (indicar dirección completa, nº de teléfono, Fax, etc).

ESCUDERIA TABOADELA

Espiñeiro 30, 32691 Taboada (Ourense)

Tlf.: 659 865 288 – 677 239 236 [email: escuderiataboada@gmail.com](mailto:escuderiataboada@gmail.com)

ANTES DAS 21:00 HORAS DO DÍA 14/08/2023

2.- O nº de inscritos fíxase nun máximo de 150 vehículos.

3.- O peche de inscricións realizarase, con data límite, cinco días (luns) antes do principio da proba. A relación completa de inscritos, coa adjudicación do número de orde, será aprobada e autorizada polo habilitado da Federación Galega de Automobilismo, despois de comprobar tódalas directrices, para a súa publicación con tres días de antelación ó comezo da proba.

Artigo 12.- Dereitos de inscrición-Seguros.

12.1.- Os dereitos de inscrición fíxanse en:

12.1.1.- **245€** aceptando a publicidade facultativa proposta polos Organizadores.

12.1.2.- **490€**. Refusando esta publicidade. (Este valor como máximo debe ser o dobre que o apartado 12.1.1.).

12.1.3.- Os dereitos de inscrición na modalidade de Regularidade Sport fíxanse en:

A) **150€** aceptando a publicidade facultativa proposta polos Organizadores.

B) **300€** refusando esta publicidade. (Este valor como máximo debe ser o dobre que o apartado 12.1.3.A.).

12.2.- A solicitud de inscrición non será aceptada se non vai acompañada dos dereitos de inscrición.

12.3.- Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

12.4.- Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos na secretaría da proba ou na entidade bancaria **ABANCA** sucursal de rúa do progreso 35 de Ourense número de conta **ES86 2080 5258 6130 4014 6418**.

4.- OBRIGACIÓN XERAIS.

Artigo 13.- Publicidade. A Publicidade proposta polo organizador será a seguinte: A designada no complemento de publicidade.

Os concursantes que acepten a publicidade facultativa proposta polos organizadores deben reserva-los emprazamentos seguintes: Os designados no complemento de publicidade.

5.- DESENROLO DA PROBA.

Artigo 14.- Hora oficial da Proba. Durante o transcurso da Proba, a hora oficial será a emitida polos Cronómetros da F.G. de A. e a web www.time.is.

Artigo 15.- Penalizacións. As penalizacións son as previstas nas Prescricións Comúns para Rallyes da Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 16.- Premios. Os premios e Trofeos que se entregarán serán os seguintes: (Reparto de premios mínimo esixido pola Comisión de Montaña da F.G.A.)

TROFEOS XERAL CARROZADOS	
ORD	
1º	600 € e Trofeo e Coroa de Loureiro
2º	300 € e Trofeo
3º	150 € e Trofeo
	1.050 €

TROFEOS XERAL NON CARROZADOS	
ORD	
1º	600 € e Trofeo e Coroa de Loureiro
2º	300 € e Trofeo
3º	150 € e Trofeo
	1.050 €

PREMIOS E TROFEOS XERAL A CADA CLASE:

	CLASE 1, 2, 3, 4, 5A, 5B, 5C, 6, 7, 8, 9, 10
1º	245€ e Trofeo
2º	140€ e Trofeo
3º	50€
TOTAL	435*12: 5.220 €

TOTAL PREMIOS EN METÁLICO: 7.320 €.

PREMIOS POR PROBA: Regularidade Sport 80 Km/h.: Os premios e trofeos que se entregarán a piloto e copiloto serán os seguintes:

De 6 ata 9 participantes

Regularidade Sport 80 km/h.

1º 150 €

2º 100 €

3º 50 €

De 10 a 19 participantes:

Regularidade Sport 80 Km/h.

1º 200 €

2º 150 €

3º 100 €

4º 50 €

Con 20 ou máis participantes:

Regularidade Sport 80 km/h.

1º 350 €

2º 300 €

3º 200 €

4º 100 €

5º 50 €

Don Jorge Salgado Pérez, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número DC-1299-GA, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Asdo.: Director da Proba
N.I.F.: 44454317D
Licenza DC-1662-GA-AUT

Entidade: ESCUDERIA TABOADELA
C.I.F.: G32503237
Asdo.: Presidente D. Jorge Salgado Pérez
Licenza DC-1299-GA



Asdo.: Xefe de Seguridade Vial
N.I.F.: 44475710N
Licenza CD-1299-GA

Selo do Clube

PROGRAMA - HORARIO DE REUNIÓN DE COMISARIOS DEPORTIVOS			
REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
1ª	19 de Agosto de 2023	10:00	SALA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS, sita en: NO AUTOBÚS DA F.G.A.
2ª	19 de Agosto de 2023	20:00	
3ª	20 de Agosto de 2023	14:30	

ANEXO II CONTROL DE TEMPOS

CONTROL DE TEMPOS estarase ao disposto no Anuario Deportivo 2023 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

ANEXO III ENCARGADO DAS RELACIÓNS COS PARTICIPANTES

MISIÓNS PRINCIPAIS. Informar a os concursantes e estar con eles en permanente contacto.

Este cargo terá que ser ocupado obrigatoriamente por un oficial posuidor de licenza expedida pola Federación Galega de Automobilismo, pois implica un perfecto coñecemento da regulamentación xeral. Poderá asistir as reunións do Colexio de Comisarios Deportivos a fin de poder estar informado de tódalas decisións tomadas. A persoa nomeada para as Relacións cos Concursantes debe estar claramente identificada para os pilotos, por iso é convinte:

- 1) Que leve unha identificación chamativa.
- 2) Ser presentado a os concursantes durante un briefing.
- 3) Incluír a súa fotografía e o seu número de teléfono no regulamento particular, ou nun Complemento.
- 4) Poderá ser auxiliado por un adxunto.

PRESENCIA DO MESMO DURANTE O DESENROLO DA PROBA. O Secretario do meeting, ao abrir a secretaría da proba, debe facer un planning dos lugares nos que estará presente o encargado das relacións cos concursantes, planning que se colocará no taboleiro oficial da proba, e no que se indicará a súa presenza obrigatoria en:

- As Verificacións Administrativas
- As Verificacións Técnicas
- A Secretaría do meeting
- A saída da proba
- Os Parques de Reagrupamento
- Os Parques de fin de etapa
- A proximidade do Parque Pechado cando a chegada da proba (na medida das súas posibilidades, dependendo do horario da proba).

Función

- Dar ós que o soliciten, respostas precisas as cuestións que se plantexen.
- Dar todas las informacións ou calquera precisión complementaria relativa á regulamentación e ao desenrolo da proba.

Finalidade

Evitar que as demandas cheguen ata o Colexio de Comisarios Deportivos, sempre que se poidan dar explicacións correctas e solicitudes satisfactorias para evitar as reclamacións (exemplo precisa-las dúbidas dos tempos efectuados polos concursantes coa axuda dos cronometradores).

O encargado das relacións cos concursantes, absterase de utilizar palabras ou dar opinións que poidan suscitar polémica.

ANEXO IV

1) ORGANIZACIÓN XERAL DA SEGURIDADE

a) Plan de Seguridade:

Debe realizarse un Plan de Seguridade que conteña:

O lugar de ubicación da Dirección de Carreira.

O nome dos diferentes responsables:

- Director de Carreira.
- Directores de Carreira Adxuntos.
- Coordinador Médico.
- Xefe de Seguridade.

Os directores dos diferentes servizos de seguridade:

- Garda Civil.
- Hospital.
- Servizo Médico de Urgencia.
- Bombeiros.
- Servizos de grúas.
- Cruz Roxa.

Itinerario completo con detalle do plan de evacuación.

Plans de seguridade da proba.

b) Xefe de Seguridade Vial: No Regulamento particular da proba nomearase un Xefe de Seguridade Vial, que formará parte do Comité de Organización e participará na realización do plan de seguridade. Durante a proba estará en permanente contacto coa Dirección de Carreira, o Coordinador Médico e a saída da proba (por teléfono ou por radio). Estará encargado da aplicación do Plan de Seguridade e estará asistido na proba por un Responsable de Seguridade que deberá efectuar a inspección da súa proba e certificar a súa conformidade có Plan de Seguridade.

c) Control: O control do funcionamento das disposicións de seguridade obrigatorias estará baixo a responsabilidade do Director de Carreira.

ANEXO V

CARAVANA RALLIES/MONTAÑA.

En tódalas probas a celebrar en Galicia muda a caravana de vehículos oficiais, quedando da seguinte maneira:

Megafonía: Sairá ó treito, para informar ós espectadores, 20 minutos antes da saída do número 1.

Xefe de Seguridade Treito: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discorrerá polo treito antes da hora de peche, para acomete-lo peche e certificar ó Xefe de Seguridade Vial a idoneidade e excelencia da seguridade e peche do treito.

Observador Federación: Sairá detrás do Xefe de Seguridade Vial para comproba-lo peche e os medios do treito.

Xefe de Seguridade Vial: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discorrerá polo treito, despois de ser informado amplamente polo Xefe de Seguridade do Treito, e comprobar que todo está en perfecto orde para o inicio do treito.

Director de Proba na estrada. Vehículo "0" (Verde): Despois de ser informado polo Xefe de Seguridade Vial da proba dará a orde oportuna para que inicie a súa andadura polo treito o Xefe de Seguridade Vial, e de seguido sairá o mesmo para comprobalas medidas (Protección Civil, Corps e Forzas de Seguridade do Estado, Radio Afeccionados, Bandeiras, Comisarios de Peche de beirarrúas, Bombeiros, etc.), e o chegar ó final do treito e comprobalas medidas anteditas, vía radio ou teléfono, dará a orde oportuna para que o comisario de saída inicie a súa función.

Vehículos participantes: Acatarán as ordes do Comisario de Saída, e sairán cunha cadencia de 60 segundos a participar no treito, ou de 30 segundos se así fora necesario.

Xefe de Seguridade Treito: Calquera incidencia ou accidente, ocorrido no transcurso do evento terá que consultar co Director de Proba, na oficina da proba, para tomar as medidas que lle sexan ordenadas (evacuacións, excarceracións, desordes públicos, etc.), e ó telas subsanadas solicitará autorización, ó Director da Proba na oficina, para continuar co desenrolo do treito.

Escoba na estrada. Vehículo "00" (Vermello): Despois de finalizado o paso de tódolos participantes, transcorrido o tempo regulamentado, saíra ó treito e recollerá os carnés de ruta dos participantes retirados no mesmo, quedando aberto o treito a circulación dos afeccionados despois do seu paso.

Advertencia: Ningún vehículo de competición poderá exercer as funcións da caravana do rallye quedando terminantemente prohibido utilizalos. Así como da inhabilitación das licencias de piloto e copiloto para actuar nos vehículos anteditos. Todo o persoal que traballe na caravana da proba terá que ter licenza de oficial CD para facelo seu cometido.

Comisarios Deportivos/Comisarios Técnicos: En todos os rallyes os Presidentes dos Colexios de Deportivos e Técnicos, terán que estar presididos coa cualificación, GA-CD ou GA-XOC, obrigatoriamente.

Nova normativa Comisarios Técnicos: Despois de finalizala súa tarefa, o Colexio de Comisarios Técnicos reunirse, e a tenor do estudo, emitirase unha acta-informe, e serán entregadas polo Presidente do Colexio de Comisarios Técnicos, debidamente fechada e con hora de entrega, ó Presidente do Colexio de Comisarios Deportivos, con solicitude de sinatura-recibi da entrega na copia.

1.- AMPLIACIÓN ARTIGO 7.- PENALIZACIÓN:

7.54.- Os adestramentos/recoñecementos en Rallyes e Montaña quedan limitados a un máximo de tres pasadas por treito so penalización de cinco minutos/máis sanción económica ó comezo da proba. A exclusivo criterio dos Comisarios Deportivos.

NOVA NORMATIVA DE APLICACIÓN INMEDIATA:

A.- Redúcense os adestramentos/recoñecementos a tres pasadas para Rallyes e para Montaña.

B.- A primeira infracción será de engadir unha multa de 300 €uros mais unha penalización de cinco minutos ó inicio da proba (Rallye/Montaña).

C.- A segunda infracción, do punto "B": non admitido a tomala saída no Rallye/Montaña (decisión inicial do Comité Organizador), e ratificada polo Colexio de Comisarios Deportivos.

D.- Por incorrer nunha infracción nos puntos "B" e "C", será obrigatorio dar traslado ó Tribunal Galego de Apelación, para apertura e incoación do expediente disciplinario no seu caso.

E.- Si unha Escudería fai un treito cronometrado, Rallye ou Montaña na mesma tempada, non se poderá utiliza-lo treito por outra entidade organizadora.

F.- Só se poderá adestrar un día, por cada equipo participante, a escoller de entre tres días que designará ó Comité Organizador (Rallye/Montaña), e que será solicitado por Fax polo participante ó Comité Organizador para que quede constancia, e así poder dividir 150 participantes nos tres días.

G.- A velocidade máxima nos treitos a recoñecer, será en función das limitacións/sinais que existan no treito.

H.- Pola Federación Galega de Automobilismo, notificarase ós Sub-Sectores da Garda Civil de Tráfico, para seguir un control rigoroso, e conforme ó Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo, dos recoñecementos e solicitarase o traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adopta-las medidas federativas que no seu caso procedan.

I.- Os organizadores designarán un Comisario/Controlador, que informará e fará parte dos incumprimentos ó Comité Organizador, con posterior traslado ós Comisarios Deportivos da proba.

J.- A Federación designará outro Comisario/Controlador, cos mesmos poderes e atribucións que o do punto anterior.

Q.- Entregaranse unhas pegatinas transparentes e numeradas (de cor butano) que terán que ir pegadas no parabrisas dianteiro, (lado dereito superior no sentido da marcha) dos vehículos que fagan os recoñecementos autorizados. A falla dela, transitando polo treito, implicará a descalificación a tódolos efectos (con perda dos dereitos de inscrición) para a súa participación na proba do equipo infractor.